

Facultade de Filoloxía e Tradución Universidade de Vigo

**Acta da sesión ordinaria da Comisión
de Calidade
21 de setembro de 2017**

Asistentes:**Presidencia**

Luis Alonso Bacigalupe

Secretaria

Susana Rodríguez Barcia

Membros da CC**PDI**

Jorge Figueroa Dorrego

Lourdes Lorenzo García

José Montero Reguera

Antonio Rifón Sánchez

Veljka Ruzicka Kenfel

Elena Sánchez Trigo

Sector PAS

Sen representante

Desculpan

Inmaculada Báez Montero

Xosé Henrique Costas

Maribel del Pozo Triviño

Ana Luna Alonso

Ana María Pereira Rodríguez

Miguel Cuevas Alonso

Eduardo Varela Bravo

José Yuste Frías

Non asisten

Julián Rial Lago

Cristina López Pais

Raquel Pereira Romasanta

(sector alumnado)

Acta da sesión ordinaria da Comisión de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución, celebrada o día 21 de setembro de 2017 na Sala de Xuntas da Facultade.

Ábrese a sesión ás 11:13 h

ORDE DO DÍA**1. Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Comisión de Calidade celebrada o 14 de xullo de 2017.**

Apróbase por asentimento.

2. Informe do decano.

Luis Alonso cede o informe á Vicedecana de Calidade, que sinala que este ano os procedementos de seguimento dos títulos vanse retrasar por mor dos cambios do persoal de administración e servizos e os retrasos na carga de datos das taxas do curso 2016-17. O mesmo acontece co Informe de Revisión pola Dirección, cuxa redacción quedará aprazada ata o mes de xaneiro ou febreiro de 2018.

3. Aprobación, se procede, das alegacións e plan de melloras realizados tras o informe provisional ACSUG do Mestrado en Tradución Multimedia referido ao seguimento do curso 2015-16.

Apróbanse por asentimento.

4. Aprobación, se procede, dos procedementos de calidade PE-01 P1 Xestión do PAS, PE-02 P1 Xestión de PDI, DO-0201 P1 Planificación e desenvolvemento da ensinanza.

A comisión decide aprobar os procedementos posto que asume que xa veñen debidamente redactados e revisados pola Área de Calidade da Universidade de Vigo. Apróbanse coa abstención do Coordinador en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios (Antonio Rifón).

5. Rolda aberta de intervencións.

O decano comenta dúas cuestións de interese para os membros da comisión. En primeiro lugar, comenta que mantivo unha reunión con Xosé María Gómez Clemente (Director da Área de Calidade da Universidade de Vigo) na que este transmitiu o seu interese por iniciar o proceso de reforma das memorias dos títulos de Grao en Tradución e Interpretación e Grao en Linguas Estranxeiras. Elena Sánchez Trigo manifesta dúbidas en relación co xeito de afrontar



unha reforma da memoria sen entrar na modificación do plan de estudos. O decano comenta que se trata fundamentalmente de revisar aspectos relativos ás competencias e cuestións de índole formal, relativas na súa maioría á adaptación de formato da memoria. Elena Sánchez Trigo sinala que o proceder máis axeitado é solicitar primeiramente á Área de Calidade un informe inicial sobre os aspectos concretos da memoria que se deben modificar. En segundo lugar, a discusión e sobre os cambios debe levarse ás coordinacións dos títulos, que polo seu coñecemento dos graos poderán intervir activamente no proceso de reforma.

A segunda das cuestións que comenta o decano é relativa a diversos problemas acontecidos nos primeiros días de curso coas materias de lingua portuguesa, sobre todo en canto aos horarios. Neste sentido, aclara que mantivo unha reunión con alumnado e profesorado (21/09/2017 ás 10:00 h na sala de xuntas da FFT) e que está todo solucionado para garantir a asistencia de todas as persoas matriculadas. O Coordinador de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, Antonio Rifón, solicita que para próximos cursos se priorice na elaboración dos horarios a condición de obrigatoriedade das materias, fundamentalmente no caso dos dous primeiros cursos de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 11:50 h.

Vigo, 21 de setembro de 2017

Visto e praxe do Decano

A secretaria (Vicedecana de
Calidade)

Luis Alonso Bacigalupe



Susana Rodríguez Barcia

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada,
sen alegacións, na reunión ordinaria da Comisión de Calidade
celebrada o día ²⁷ de outubro de 2017.

A Vicedecana de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución

Susana Rodríguez Barcia



ANEXOS

1. Alegacións e Plan de melloras do Máster en Tradución Multimedia para o seguimento do curso 2015-16.

2. Procedementos PE-01 P1 Xestión do PAS, PE-02 P1 Xestión de PDI, DO-0201 P1 Planificación e desenvolvemento da ensinanza.